

## RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE.2023/C003/000003

EXPEDIENTE DECRETO: 2023/G010/000269

**ASUNTO.: APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN.MELLORA DE VIAL DE TORANTE A VIDUEIROS E ALTO PASO.POS + 2023.**

---

Por providencia da alcaldía iniciouse o expediente para a contratación da obra “MELLORA DE VIAL DE TORANTE A VIDUEIROS E ALTOPASO” incluídas no Plan Provincial de Cooperación para las Obras y Servicios de Competencia Municipal (POS+ 2023) por un importe de 56.962,31 €, dos que 47.076,29 € son a base licitación e 9.886,02 € corresponden ao IVE.

Incorporáronse ao expediente a memoria xustificativa da necesidade de contratación, a xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato, os Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que han de rexer o contrato, os informes de secretaría, intervención e fiscalización previa.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Autorizar o gasto que implica a contratación da obra “Mellora de vial de Torante a Vidueiros e Altopaso” incluídas no Plan Provincial de Cooperación para las Obras y Servicios de Competencia Municipal (POS+2023) por un importe de 56.962,31€, dos que 47.076,29 € son a base licitación e 9.886,02 € corresponden ao IVE, por procedemento aberto simplificado, con cargo a aplicación 454.61900 do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio 2023.

**TERCEIRO.-** Aplicar os pregos tipo da Excmá Diputación Provincial en concreto prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado ( con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática ) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, coas singularidades indicadas nos anexos destacando cuadro de características do contrato e en criterios de adxudicación para esta contratación.

**CUARTO.-** Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante aloxado na plataforma de contratación do Estado, con contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO.-** Publicar no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

**SEXTO.** Designar como membros da Mesa de Contratación para este procedemento:

Presidente: D. Lisardo Santos Ares (Alcalde).

Vogal: D<sup>a</sup>. Alejandra D. Fandiño Sánchez (secretaria-interventora).

Vogal: D<sup>a</sup>. Ana Souto Lareo (arquitecta técnica municipal).

Vogal: D<sup>a</sup>. María Ermitas Sánchez González. (funcionaria do concello)

Secretario: D. Arturo José Fernández Prado (funcionario do concello).

**SÉTIMO.**- Dar conta ao pleno na vindeira sesión que celebre.

**Mándao e asíno o Sr. alcalde D. Luis Lisardo Santos en Sobrado, na data da sinatura eletrónica ao marxen, do que eu como secretaria dou fé.**

**O alcalde - presidente  
interventora**

**Luis Lisardo Santos Ares  
Sánchez**

**A secretaria-**

**Alejandra D. Fandiño**